

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 14 DE XULLO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro a Manuel Gallego Jorreto, Francisco Leiro Lois, Basilio Losada Castro e o grupo Los Suaves.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental da obra Conexión CG 1.5 en Sampaio – Portobravo, de clave AC/12/031.01

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Clúster TIC Galicia e o Clúster Audiovisual Galego para o desenvolvemento de actividades no marco do Programa ViraxeTIC, para a modernización e innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais de Galicia, cun importe de trescentos mil euros (300.000€).
- Acordo polo que se aproba o modelo de prego de cláusulas administrativas particulares dos contratos de servizos que se tramiten polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeita a regulación harmonizada.

- Acordo polo que se aproba o modelo de prego de cláusulas administrativas particulares dos contratos de servizos que se tramiten polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e non suxeita a regulación harmonizada.
- Acordo polo que se aproba o modelo de prego de cláusulas administrativas particulares dos contratos de servizos que se tramiten polo procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria, non suxeita a regulación harmonizada e sen mesa de contratación.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Melide para a execución da actuación de mellora do saneamento na parroquia de Santa María (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de cento setenta e cinco mil euros (175.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Paradela para a execución da actuación de captación e rede de distribución nas parroquias de Cortes e Loio. Concello de Paradela (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cervo para a execución da actuación de renovación da rede de abastecemento de auga potable na urbanización Riocovo. Cervo (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Friol para a execución da actuación de abastecemento de auga ao núcleo de Prado. Concello de Friol (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Lobios para a execución da actuación de mellora do abastecemento en Lobios (Ourense), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe de trescentos oitenta e seis mil trescentos cincuenta e catro euros con trece céntimos (386.354,13 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Betanzos para a execución da actuación de mellora do sistema de abastecemento en Betanzos (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de un millón de euros (1.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boqueixón para a execución da actuación de mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude e de nova rede de saneamento noutras parroquias. Concello de Boqueixón (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de un millón de euros (1.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Noia para a execución da actuación de mellora do sistema de abastecemento en Noia (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de novecentos mil euros (900.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vedra para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural do Concello de Vedra (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de setecentos mil euros (700.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Fisterra para a execución da actuación da rede separativa na rúa Manuel Lago. Concello de Fisterra (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos oitenta e dous mil novecentos sesenta e nove euros con setenta e nove céntimos (382.969,79 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Coirós para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural do Concello de Coirós (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Cañiza para a execución da actuación de mellora do sistema de abastecemento na Cañiza (Pontevedra), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de seiscentos mil euros (600.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Mos para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural do Concello de Mos (Pontevedra), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Frades para a execución da actuación de abastecemento de auga ás parroquias de Moar e Añá. Concello de Frades (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de oitocentos mil euros (800.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Pantón para a execución de beirarrúas entre o núcleo principal do concello e o cruzamento de Sober (LU-P-5901), por un importe total de douscentos vinte e nove mil sesenta e nove euros con setenta e dous céntimos (229.069,72 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de lanzadeiras de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017 e para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (importe total 4.000.000 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza eximir as fundacións de investigación sanitaria de Galicia, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta recollidos nas bases reguladoras establecidas na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2016, por un importe de catorce millóns oitocentos vinte e cinco mil euros (14.825.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de antiinfecciosos, por un importe de oito millóns trescentos corenta e cinco mil cincocentos once euros con vinte e cinco céntimos (8.345.511,25 euros) IVE incluído, e un valor estimado de vinte e dous millóns

catrocentos sesenta e oito mil seiscentos oitenta e catro euros con once céntimos (22.468.684,11 euros).

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de Atosiban, cisatracurio, dexketoprofeno, paricalcitol, propofol e sevoflurano por un importe de tres millóns cento trinta e dous mil douscentos setenta euros con novena e seis céntimos (3.132.270,96 euros) IVE incluído, e un valor estimado de sete millóns oitocentos trinta mil seiscentos setenta e sete euros con corenta céntimos (7.830.677,40 euros).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural).
- Informe sobre a convocatoria do programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral para o ano 2016.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación.
- Informe sobre a execución do programa Jeremie de préstamos a empresas no periodo 2014-2016.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Maria José Jove, para a realización de obras de acondicionamento e dotación dunha unidade de hospitalización e rehabilitación de oncopediatria no Hospital Teresa Herrera-Materno Infantil da Coruña.



## O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA A MANUEL GALLEGO JORRETO, FRANCISCO LEIRO LOIS, BASILIO LOSADA CASTRO E AO GRUPO LOS SUAVES

- *A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 24 de xullo nun acto solemne*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, a Manuel Gallego Jorreto, Francisco Leiro Lois, Basilio Losada Castro e ao grupo Los Suaves.

Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que será imposta o vindeiro 24 de xullo.

### **Manuel Gallego Jorreto**

Galego do Carballiño, licenciado e doutor en Arquitectura, ten un ampla traxectoria e un gran recoñecemento na súa disciplina.

Comezou a traballar no estudio de Alejandro de la Sota, logo de completar a súa formación en Noruega. Tamén exerceu como profesor no Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismos da Universidade da Coruña durante máis de 20 anos.

Aínda que traballou en vivendas privadas, os edificios máis recoñecidos están dentro das obras promovidas polas administracións públicas: o Concello de Forcarei, o Mercado de Santa Lucía (A Coruña), a Casa da Cultura de Chantada, o Centro de Saúde de Viveiro, o Museo de Belas Artes da Coruña ou o Complexo da Xunta en Monte Pío.

Tamén cómpre destacar a súa actividade para promocionar a nosa cultura: foi membro fundador do Museo do Pobo Galego en 1976, así como membro do Seminario de Estudos Galegos e da Fundación Luis Seoane.

Gallego Jorreto ten numerosos recoñecementos, entre os que destaca o Premio Nacional de Arquitectura, a Medalla Castelao ou a Medalla de Ouro de Arquitectura.

### **Francisco Leiro Lois**

Galego de Cambados, comezou a súa formación na Escola de Artes e Oficios de Santiago, completándoa na de Belas Artes de Madrid.

Hoxe é unha das principais referencias da escultura galega. Ten unha prolífica obra nesa disciplina e tamén como pintor.

Representou a España en 1985 na Bienal de São Paulo, e desde 1986 expuxo regularmente en ARCO (Madrid), en Italia e Francia ou tamén en Nova York, nalgunhas das galerías máis prestixiosas da arte contemporánea.

Moitas das súas obras son iconas recoñecidas dalgúns cidades galegas e españolas, como: a figura dun animal fantástico coñecido como *Sireno*, na Porta do Sol de Vigo, a *Homenaxe a Castelao*, na Alameda de Santiago de Compostela, a *Batea* ou "*Saavedra*" sobre o río Lérez no Parque da Illa das Esculturas de Pontevedra, o *Astronauta*, Valdemoro (Madrid), *Vértigo*, na autovía M-50 de Madrid e *Simeón sentado*, Madrid (2007).

Leiro converteu as súas xigantescas esculturas en ferro e madeira nunha das iconas máis recoñecibles da arte galega en todo o mundo.

### **Basilio Losada Castro**

Galego de Láncara, é catedrático de Filoloxía Románica pola Universidade de Barcelona e catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa.

Emigrante en Cataluña desde moi novo, despois de diversos oficios vinculados ao mundo editorial, comezou a exercer a ensinanza universitaria, onde se converteu nos anos 60 e 70 en referencia da cultura galega en Cataluña.

É autor de numerosos estudos sobre a literatura galega, portuguesa e brasileira, e ten traducido 150 libros en sete linguas.

A dimensión literaria da súa obra destaca nos seus traballos de *Antoloxía e Escolma de poesía galega*, publicados en edicións bilingües fóra de Galicia e que constitúen valiosas referencias da poesía galega.

En 1991 recibiu o Premio Nacional de tradución por *Memorial do convento*, de José Saramago. Recibiu ademais la Creu de Sant Jordi, da Generalitat de Cataluña; la Comenda da Ordem do Infante Dom Henrique, que outorga o goberno portugués; la Ordem do Cruzeiro do Sul, de Brasil; a Medalla Castelao ou o Premio Otero Pedrayo.

Xubilouse como catedrático no ano 2000, aínda que segue a impartir clases e tamén escribindo: aos setenta anos publicou o seu primeiro traballo de ficción, a novela *La peregrina*.

No ano 2015 a Real Academia Galega acorda nomealo Académico de Honra.



### **Los Suaves**

Galegos de Ourense, Los Suaves conforman unha das bandas con maior soleira do panorama musical da nosa terra.

Formada inicialmente polos irmáns Yosi, Charly e Javier Domínguez nos anos oitenta, comezaron os seus primeiros acordes no rock máis urbano. Posteriormente, o son comezou a verse paulatinamente máis influenciado do heavy metal.

Tendo actuado xunto a grupos como Ramones ou The Rolling Stones, asentáronse como unha das bandas máis consolidadas da escena do rock español chegando a vender máis de dous millóns de discos.

O certo é que as súas letras e o seu estilo inconfundible teñen feito de Los Suaves un grupo mítico en Galicia e en España, e por iso, pechan os galardoados coas Medallas de Ouro de Galicia deste ano.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A NOVA CONEXIÓN DESDE PORTOBRAVO, EN LOUSAME, COA VAP SANTIAGO-NOIA

- *A construción desta nova vía suporá un investimento da Xunta de 1,3 millóns de euros, para os que xa está reservada unha partida nos orzamentos deste ano e tamén para exercicios futuros*
- *O Decreto de utilidade pública aprobado hoxe comprende as expropiacións dos 157 predios necesarios para a execución da conexión*
- *O Goberno autonómico ten previsto licitar neste verán o contrato para a execución destas obras*
- *O novo trazado iníciase na estrada AC-308, nas proximidades de Portobravo, cunha glorieta; defínese unha vía de aproximadamente 860 m de lonxitude que finaliza na AC-311 na Fialla, na travesía de Noia, nunha segunda glorieta*
- *En primeiro lugar executarase o vía de novo trazado entre Portobravo (AC-308) e A Fialla (AC-311) e, posteriormente, acometerase o acondicionamento da vía existente desde este punto ata a AC-543*
- *Coa nova infraestrutura proporciónase un itinerario máis seguro e áxil e mellórase a conexión de Noia, Lousame e Boiro coa VAP Santiago-Brión*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental da obra de conexión do núcleo de Portobravo, en no concello de Lousame, coa vía de altas prestacións que une Noia con Santiago.

O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 157 predios necesarios para a execución dunha nova conexión desde a estrada Santiago-Noia (AC-543) en Sampaio coa AC-308 no núcleo de Portobravo, no concello de Lousame.

A conexión proxectada permitirá que, partindo do enlace de Sampaio entre a VAP Brión- Noia (CG-1.5) e a AC-543 (conexión posta en servizo polo Goberno autonómico en 2012), e discorrendo a través desta e da nova vía prevista, os usuarios se acheguen ao núcleo de Portobravo por un itinerario mais áxil e seguro, evitando o tráfico de características máis urbanas da travesía de Noia.

Os traballos contarán cun investimento da Xunta de arredor de 1,3 millóns de euros, para os que xa está reservada unha partida específica nos orzamentos deste ano e tamén para exercicios futuros.

A consellería de Infraestruturas e Vivenda ten previsto executar en dúas fases as obras que se definen no proxecto de trazado, que se desenvolverán mediante dous proxectos de construción diferenciados; en primeiro lugar executarase a vía de novo trazado

entre Portobravo (AC-308) e A Fialla (AC-311); e posteriormente acometerase o acondicionamento da vía existente desde este punto ata a AC-543.

A Axencia Galega de Infraestruturas xa rematou a redacción do proxecto construtivo en que se desenvolve a nova infraestrutura entre a AC-308 e a AC-311, que está xa en fase de supervisión. O Goberno autonómico ten previsto licitar neste verán o contrato para a súa execución.

### **Características do trazado**

A vía deseñado, que en total contará cunha lonxitude próxima a 1,2 quilómetros, ten dúas partes diferenciadas: o tramo inicial, unha nova infraestrutura que conecta a AC-308 coa AC-311, e o tramo final, que se apoia nunha estrada da Deputación da Coruña que será acondicionada ata acadar a AC-543.

O novo trazado iníciase na estrada AC-308, nas proximidades de Portobravo, cunha glorieta; defínese unha vía de aproximadamente 860 m de lonxitude que finaliza na AC-311 na Fialla, na travesía de Noia, nunha segunda glorieta. Esta nova estrada permitirá reducir en algo mais dun quilómetro a lonxitude que percorren os usuarios, que ademais evitarán a intersección actualmente existente entre as estradas AC-311 e AC-308, moi encaixada entre edificacións e de reducida visibilidade.



A continuación, a infraestrutura apóiase na estrada CP-5702 que comunica as vías de titularidade autonómica AC-311 e AC-543, en que finaliza o eixe proxectado. A estrada local, de aproximadamente 280 m de lonxitude, será ampliada para aumentar a súa capacidade, que se resolve mediante unha nova glorieta a intersección coa AC-543, na cal se entroncará tamén a estrada.

### **Incremento da seguridade**

A actuación conseguirá mellorar dúas interseccións existentes, que na actualidade presentan reducida visibilidade, ao transformalas en glorietas que obrigan o condutor a reducir a velocidade, de xeito que os cruzamentos poidan realizarse de forma máis segura.

Esta vía de novo trazado que discorre polo termo municipal de Noia, beneficiará directamente os veciños de Lousame, xa que permitirá mellorar a comunicación entre a localidade de Portobravo e a vía de altas prestacións Brión-Noia. Así, esta actuación suporá un incremento notable da seguridade viaria, xa que o novo acceso a Portobravo evitará o emprego da actual intersección que ten unha reducida visibilidade.

Coa nova infraestrutura os veciños e os usuarios, en xeral, poderán achegarse ata Portobravo por un itinerario máis seguro e áxil, e verán mellorado o tempo de desprazamento, ao reducirse en algo máis de 1 km a lonxitude da vía.



Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: [comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## A XUNTA E OS CLÚSTERS DO SECTOR TIC E DO AUDIOVISUAL PORÁN EN MARCHA UN PROGRAMA PARA IMPULSAR A CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS EN GALICIA

- *Contará cun orzamento conxunto de 300.000 euros para facilitar e estimular a innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais*
- *Prevé a elaboración dun estudo sobre as oportunidades de negocio neste ámbito*
- *Impulsará a celebración de foros de intercambio e networking entre o sector TIC e o audiovisual*
- *Porá en marcha servizos de apoio e asesoramento para facilitar o desenvolvemento de grandes proxectos innovadores conxuntos*

Acelerar o desenvolvemento e a competitividade do sector de contidos dixitais é o obxectivo do convenio que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Clúster TIC Galicia e o Clúster Audiovisual Galego (CLAG). O acordo, aprobado hoxe no Consello da Xunta, conta cun orzamento conxunto ata 2017 de 300.000, dos cales 270.000 euros serán achegados pola Amtega e o importe restante por ambos os clústers.

Baixo a denominación de Viraxe TIC, o programa abrangue tres liñas de actuación: a análise das oportunidades de negocio para o sector dos contidos dixitais; a celebración de foros de intercambio e networking entre o sector TIC e o audiovisual, e a prestación de servizos de asesoramento.

### **Definir ámbitos de actuación**

A colaboración entre a Amtega e os clústers tecnolóxico e audiovisual prevé a elaboración dun estudo para identificar os principais ámbitos de actuación nos que desenvolver proxectos tecnolóxicos de vangarda que ben de xeito individual ou no seu conxunto, transformen a industria dos contidos dixitais.

Este documento de análise de oportunidades contribuirá a afianzar os piares fundamentais nos que se asente unha mellora da competitividade determinando a perspectiva do sector, tendencias e casos de referencia desde a perspectiva da evolución tecnolóxica.

### **Foros para o intercambio de coñecemento e o networking**

Celebraranse espazos abertos para a colaboración, o intercambio de coñecemento e o networking entre axentes do sector TIC e do sector de contidos dixitais, concentrando ideas, tendencias, casos de éxito, empresas e produtos e servizos innovadores na economía dixital.

Entre as actividades que se van desenvolver destacaré a organización dun evento de posicionamento rexional de encontro entre todos os axentes do ecosistema da innovación tecnolóxica arredor do sector de contidos dixitais, que permita promover e reforzar alianzas entre os axentes locais e expertos de recoñecido prestixio no sector a nivel internacional.

### **Apoio e asesoramento**

O acordo prevé tamén a posta en marcha dun servizo de apoio e asesoramento para facilitar o desenvolvemento de grandes proxectos innovadores conxuntos entre axentes do sector TIC e do sector de contidos dixitais.

Deste xeito, dinamizarase a identificación de proxectos de grande envergadura e apoiarase a posta en marcha de proxectos innovadores conxuntos, concretamente facilitándolles soporte para a análise da viabilidade técnica, operativa, económica e comercial do proxecto e para a identificación de referentes e casos de éxito.

### **Axenda Dixital de Galicia 2020**

As actividades derivadas deste convenio enmárcanse nos obxectivos da Axenda Dixital de Galicia 2020, impulsada pola Amtega, para promover o liderado de empresas a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio para impulsar a súa innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego.

É por isto que a Amtega xunto co Clúster TIC e o CLAG conviñeron en coordinar esforzos para impulsar actuacións no marco do Programa Viraxe TIC co fin de maximizar o aproveitamento da aplicación das TIC no ámbito dos contidos dixitais de Galicia, como baluarte do crecemento económico e social vinculado á economía dixital.



## **A XUNTA DOTA DE MAIOR SEGURIDADE XURÍDICA A CONTRATACIÓN PÚBLICA COA ELABORACIÓN DE MODELOS DE PREGOS HOMOLOGADOS E ACCESIBLES**

- *O Consello aprobou o proxecto de acordo dos modelos de pregos de cláusulas administrativas para os contratos do sector público galego*
- *A elaboración deste modelo de pregos está enmarcada no Plan de mellora da contratación pública 2014-2016*
- *Acadarase unha maior seguridade xurídica e unha maior homologación dos expedientes de contratación do sector público autonómico co obxectivo de que os licitadores teñan un acceso máis sinxelo e coherente á información*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se aproban tres modelos de pregos de cláusulas administrativas particulares para os contratos de servizos. Trátase dos correspondentes aos procedementos negociado sen publicidade e aberto suxeito a regulación harmonizada e non suxeito a regulación harmonizada.

A elaboración destes modelos de pregos está enmarcada no Plan de mellora da contratación pública 2014-2016, unha folla de ruta elaborada pola Vicepresidencia da Xunta e a Consellería de Facenda para seguir impulsando a modernización da actividade contractual do Goberno galego. Este plan, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de xuño de 2014, prevé na súa medida 5.2 a elaboración de modelos de pregos coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica e unha maior homologación dos expedientes de contratación do sector público autonómico. Hai que ter en conta que a contratación pública é o punto en que conflúen dous obxectivos principais da acción da Xunta nos últimos anos: o uso eficiente dos recursos públicos, reducindo os gastos innecesarios, e a simplificación e axilización nos procedementos administrativos.

Tras a aprobación destes modelos para contratos de servizos, está previsto que se aproben os correspondentes a subministracións e, finalmente, os relativos a obras, co que se completaría o proxecto antes de que acabe o ano.

### **Obxectivos**

Os obxectivos que se perseguen coa elaboración dos modelos son por unha banda, dotalos dunha maior seguridade xurídica e alcanzar unha maior homologación dos expedientes de contratación do sector público autonómico, acadando unha maior coordinación, converxencia e homologación terminolóxica, documental e de criterios, de xeito que os axentes económicos teñan un acceso máis sinxelo e coherente á información.

### **Unificación de formatos e mellora da concorrancia**

En concreto, entre os aspectos máis relevantes incorporados nos modelos destacan a unificación do formato, que se adapta ás recomendacións da ONCE para presentar textos impresos accesibles a persoas con deficiencia visual.

Tamén inclúe medidas de mellora do acceso e concorrancia das empresas tales como información precisa de contacto do órgano de contratación, sobre como obter a documentación ou sobre o lugar e a hora de presentación de ofertas. Dan cumprida explicación do sistema de rexistros de licitadores e información sobre asistencia e prazo de resolución de dúbidas. Así mesmo, favorecen as políticas de fomento da participación das pemes, sinalando a división dos contratos en lotes como regra xeral e establecendo a posibilidade de limitar o número de lotes a que se pode presentar un licitador ou o número de lotes dos cales un mesmo licitador pode ser adxudicatario en atención á súa solvencia.

Cómpre destacar tamén a introdución de elementos de carácter social. Así, os pregos elaborados segundo os novos modelos, son aptos para os contratos reservados a centros especiais de emprego (CEE) e entidades de inserción laboral (EIL) regulados no artigo 26 da Lei 14/2013, de Racionalización do sector público autonómico. Regula tamén con precisión as circunstancias determinantes da adxudicación en casos de igualdade de proposicións, incluíndo todas as previstas na normativa estatal e autonómica; e introduce recomendacións recollidas na Guía para unha contratación socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de setembro do 2015.

Os modelos aprobados hoxe fomentan tamén o uso de novas tecnoloxías, que supón a consulta da información a través da Plataforma de contratación pública de Galicia, o uso de certificacións de rexistros de licitadores, o uso da plataforma de interoperabilidade para solicitar datos doutras administracións e o uso do Sistema electrónico de facturación.

Por último, cabe destacar a incorporación das novidades previstas na Directiva 2014/24/UE sobre contratación pública con efecto directo sobre a operativa contractual e a integración de guías, recomendacións e acordos de distintos órganos consultivos para mellorar a xestión contractual das administracións públicas.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA QUINCE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE AUGAS POR UN IMPORTE DE 7,6 MILLÓNS**

- *Catorce destes acordos correspóndense coa execución de proxectos de saneamento e abastecemento noutros tantos concellos*
- *O último ten como obxectivo a distribución entre os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña dun total de 385.000 euros procedentes da recadación derivada do aproveitamento hidroeléctrico do encoro do Umia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un total de quince convenios de colaboración en materia de augas por un importe de preto de 7,6 millóns de euros (7.592.969 euros). Catorce destes acordos correspóndense coa execución de proxectos de saneamento e abastecemento noutros tantos concellos, mentres que o último ten como o obxectivo a distribución entre os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña dun total de 385.000 euros procedentes da recadación derivada do aproveitamento hidroeléctrico do encoro do Umia, tal e como recollen as cláusulas da concesión.

En concreto, os 14 convenios autorizados hoxe beneficiarán os concellos de Friol, Cervo e Paradela na provincia de Lugo; Melide, Betanzos, Noia, Coirós, Vedra, Boqueixón, Fisterra e Frades na provincia da Coruña; Lobios, en Ourense, e A Cañiza e Mos, na provincia de Pontevedra.

No caso dos concellos da provincia de Lugo, os tres proxectos céntranse no abastecemento. Así, en Friol dotarase dun novo sistema de abastecemento o núcleo de Prado cun orzamento máximo de 200.000 euros; o mesmo importe que está previsto destinar á renovación da rede de abastecemento de auga potable na urbanización Riocovo, en Cervo. En Paradela, pola súa banda, a previsión é investir uns 350.000 euros para mellorar a captación e rede de distribución nas parroquias das Cortes e Loio.

Xa no que se refire aos convenios de municipios pertencentes á provincia da Coruña, os concellos de Noia, Betanzos e Frades beneficiaranse de traballos de mellora do abastecemento. En concreto, en Betanzos investirase 1 millón de euros aproximadamente na execución dunha nova infraestrutura de entrada á ETAP, así como noutras ampliacións e melloras. No concello de Noia construírse un novo depósito que aumente a garantía de abastecemento, grazas a un orzamento previsto duns 900.000 euros. A Frades destinarase uns 800.000 euros para abastecer de auga as parroquias de Moar e Añá.

Os restantes concellos da provincia da Coruña acometerán melloras no seu saneamento. Ese é o caso, por exemplo, de Melide, no que se investirán 175.000 euros para mellorar o saneamento da parroquia de Santa María; ou o de Coirós, que

recibirá uns 200.000 euros para executar ramais de saneamento en distintos puntos do rural.

En Vedra, destinaranse 700.000 euros a executar a segunda fase de saneamento nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz; en Boqueixón o orzamento ascenderá a 1 millón de euros aproximadamente para a optimización da rede de saneamento en Sergude e Lestedo, así como á ampliación noutros núcleos; mentres que Fisterra recibirá algo máis de 380.000 euros para executar un novo colector de pluviais na rúa Manuel Lago.

En Pontevedra, dedicaranse 600.000 euros a mellorar o abastecemento da Cañiza a través dunha nova captación no río Deva e un bombeo; mentres que Mos recibirá uns 350.000 euros para a execución de varios ramais de saneamento pendentes.

Por último, Lobios, en Ourense, contará cun orzamento de 350.000 euros para mellorar o seu abastecemento en distintos núcleos.

Este tipo de colaboracións garanten a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e dan cumprimento á Directiva marco da auga; colabórase coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria e garántese o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando, así mesmo, polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

### **Encoro do Umia**

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou tamén outro convenio en materia de augas, que se asinará coa Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña. A través deste acordo, a Xunta distribuirá uns 385.000 euros para o financiamento de actividades de carácter educativo, cultural ou de asistencia social nestas localidades.

Anualmente, Augas de Galicia destina parte da recadación obtida pola concesión do aproveitamento hidroeléctrico do encoro do Umia a estes concellos, cunha contía que ascende a algo máis de 128.000 euros para cada unha das administracións locais. No convenio tamén participa a Deputación de Pontevedra que é a encargada de administrar estes fondos entre os tres municipios e vixiar a súa correcta aplicación.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PANTÓN PARA A CONSTRUCIÓN DE BEIRRARRÚAS ENTRE FERREIRA E O CRUZAMENTO DE SOBER, FRONTE AO MOSTEIRO DAS BERNARDAS

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda financia estas actuacións mediante a achega dun investimento de máis de 230.000 euros*
- *O proxecto prevé a demolición da edificación existente, que provoca o estreitamento da sección e a execución no seu lugar dun muro de cantaría*
- *Levaranse a cabo a construción dunha beirarrúa duns 150 metros e a ampliación da pontella existente por unha marxe*
- *O Goberno galego, con estas actuacións, pretende mellorar a calidade de vida dos cidadáns, neste caso dos veciños de Pantón, incrementando a súa seguridade e facilitando a súa mobilidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Pantón para a execución de beirarrúas entre Ferreira e o cruzamento de Sober, fronte ao mosteiro das Bernardas.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), financia estas actuacións mediante a achega dun investimento de máis de 230.000 euros

O Concello de Pantón solicitoulle ao Goberno galego a súa colaboración para completar as beirarrúas existentes na rúa Ourense (N-120a), desde a saída de Ferreira de Pantón ata a intersección coa estrada a Sober (LU-P-5901).



Neste tramo de titularidade local, polo que se accede ao Mosteiro cisterciense do Divino Salvador (Mosteiro das Bernadas), as beirarrúas existentes en Ferreira atópanse interrompidas por mor da existencia dun punto estreito da estrada xerado pola existencia dun alpendre. Neste sentido, as accións definidas no acordo autorizado hoxe solucionarán estas carencias nas citadas infraestruturas viarias.

O proxecto prevé accións como a demolición da edificación existente que provoca o estreitamento da sección, destinada a alpendre, e a execución no seu lugar dun muro de cantería de cerramento. Tamén se levará a cabo a construción dunha beirarrúa duns 150 metros e a ampliación da pontella existente por unha marxe.

En canto ás obrigas establecidas no convenio, a Xunta financiará estas obras e o Concello de Pantón redactará o documento técnico que definirá as actuacións e contratará e executará as obras.

O Goberno galego, con estas actuacións, pretende mellorar a calidade de vida dos cidadáns, neste caso dos veciños de Pantón, incrementando a súa seguridade e facilitando a súa mobilidade.





Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: [comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## A XUNTA IMPULSA CON 15 MILLÓNS A MELLORA DA CUALIFICACIÓN E INSERCIÓN LABORAL DE 3.700 DESEMPREGADOS E A CREACIÓN DE EMPREGO DE CALIDADE

- *A Xunta inviste 6,9 millóns de euros a través do programa Aprod Rural para que os concellos galegos de menos de 10.000 habitantes contraten persoas sen traballo para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social*
- *Destina 4 millóns, un 40% máis que en 2015, para que as entidades sen ánimo de lucro poidan desenvolver lanzadeiras de emprego para ampliar as oportunidades laborais*
- *O Goberno galego, atendendo a unha demanda do tecido empresarial, pon en marcha as unidades formativas en empresas con preto de 3 millóns para apoiar o 100% da formación nas empresas que se comprometan á contratación*
- *Esta medida de cualificación e contratación, coa que se dará prioridade á industria 4.0 e aos sectores estratéxicos da RIS3, inclúe axudas de ata 9.000 euros*
- *Actívanse incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral dirixidos aos colectivos con maiores dificultades de inserción que, cun orzamento de 1,5 millóns, prevé apoios de entre 1.200 e 10.000 euros*
- *Economía, Emprego e Industria activou nos seis primeiros meses de ano axudas no eido laboral por valor de 152 millóns de euros*

A Xunta activou catro programas de apoios por 15 millóns de euros para impulsar a mellora da cualificación e inserción laboral de 3.700 persoas sen traballo e a creación de emprego de calidade. O Consello da Xunta informou hoxe sobre este paquete de medidas incluídas na Axenda 20 para o Emprego coas que se pretende mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas ampliando as súas oportunidades laborais e incentivar a contratación nas empresas.

A Xunta, dunha banda, inviste 6,9 millóns a través do programa Aprod Rural co que se pretende beneficiar a 900 desempregados e 250 concellos. Estas axudas van dirixidas, en concreto, a entidades locais localizadas no medio rural, cuxa poboación sexa igual ou inferior aos 10.000 habitantes, para a contratación a tempo completo de persoas sen emprego para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina tamén 4 millóns, preto dun 40% máis que en 2015, para apoios dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de lanzadeiras de emprego. O obxectivo desta actuación é ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas. Preténdese poñer en marcha 20 lanzadeiras de emprego que poderán beneficiar 1.200 desempregados durante 12 meses.

Estas 20 lanzadeiras sumaranse ás 28 que activarán os concellos a través das axudas do Goberno galego. As lanzadeiras, tanto as dirixidas a concellos como a entidades sen ánimo de lucro, están enfocadas a mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral dos veciños desempregados. A iniciativa ten como obxectivo o desenvolvemento de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, como orientación e asesoramento, formación, prácticas laborais e mobilidade xeográfica. O programa establece uns obxectivos de inserción laboral dos traballadores que participan nel, tendo que acadar un emprego como mínimo o 25% dos participantes.

### **Unidades formativas**

O terceiro dos programas de que se informou hoxe no Consello da Xunta e ao cal se destina preto de 3 millóns de euros son as unidades formativas en empresas coas que a Xunta, atendendo a unha demanda do propio tecido empresarial, financiará o 100% da formación nas empresas que se comprometan á contratación. Preténdese beneficiar 900 persoas sen emprego a través da posta en marcha de 60 unidades formativas. Estes apoios están dirixidos a empresas ou grupos de firmas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que empreguen a 50 ou máis persoas traballadoras.

As empresas deberán comprometerse a un mínimo de contratación do 60% do alumnado que se forme nas súas compañías por un período mínimo inicial de 6 meses. Trátase dun programa flexible a través do que se dará prioridade á Industria 4.0 e aos sectores estratéxicos da Estratexia de especialización intelixente de Galicia- RIS3.

Ademais, ao abeiro deste programa, apoiaranse as contratacións indefinidas iniciais e temporais con axudas ata 9.000 euros para aquelas firmas que superen o compromiso de contratación do 60% das persoas formadas nestas unidades formativas das empresas.

### **Incentivos á contratación**

Por último, o Goberno galego investirá para os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral un total de 1,5 millóns de euros en incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral con axudas de entre 1.200 ata 10.000 euros, segundo a modalidade do programa. Inclúense apoios á contratación para persoas maiores de 30 anos, que esgotasen as prestacións por desemprego ou para as que se atopen en risco de exclusión social, entre outros colectivos.

Esta paquete de axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que se está a impulsar a calidade e estabilidade no mercado laboral ata 2020.

A planificación do Goberno galego en materia laboral pretende a creación de 100.000 novos empregos e reducir a taxa de paro ata o 10 por cento. Para iso inclúe 3 retos:

fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da vida laboral e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes e empresas.

O Goberno galego, a través desta planificación, xa activou nos primeiros seis meses de ano axudas en emprego por valor de 152 millóns de euros. Estes catro programas dos que se informa hoxe supoñen preto do 10% da contía global xa posta en marcha.

## **A XUNTA INXECTA PRETO DE 15 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSOLIDAR A INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA MÁIS EXCELENTE E COMPETITIVA EN GALICIA**

- *O obxectivo é reforzar o Sistema galego de I+D+i mediante o incremento da competitividade destes grupos internacionalmente recoñecidos*
- *Con esta medida, o Goberno galego garante o financiamento estrutural e continuado dos grupos e redes de investigadores baseado en criterios de calidade*
- *Hoxe en día hai arredor de 300 grupos en activo que traballan ao máis alto nivel con apoio do Goberno autonómico*
- *En termos de persoal, benefíciense destas axudas uns 830 investigadores universitarios, así como outros 1.000 investigadores de apoio contratados con cargo a proxectos de investigación*

O Goberno galego vai inxectar preto de 15 millóns de euros en axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas, así como para outras accións investigadoras nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (a través da Secretaría Xeral de Universidades) e a Consellería de Economía, Emprego e Industria (a través da Axencia Galega de Innovación, GAIN) convocan de forma conxunta estas axudas dirixidas a grupos de referencia competitiva (GRC); grupos con potencial de crecemento (GPC), redes de investigación e proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente.

O obxectivo fundamental é asegurar que tanto os grupos como as redes de investigación contén cun financiamento estrutural e continuado vinculado a criterios de calidade tanto das propostas realizadas como dos resultados obtidos. De xeito paralelo, o sistema debe atender tamén as diferentes realidades de investigadores individuais que xa contan cunha traxectoria excelente e que agora teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto no ámbito nacional e internacional.

En definitiva, trátase de asegurar un financiamento axeitado e sostido no tempo para que os investigadores e os grupos e redes máis excelentes e competitivos en Galicia continúen traballando e afianzando a súa posición de liderado. É dicir, a Administración autonómica dota os grupos de investigación dos instrumentos necesarios para a creación dunha contorna axeitada para o desenvolvemento da actividade científica e o desenvolvemento tecnolóxico na universidade.

A convocatoria -que nas vindeiras semanas se publicará no DOG- vai dirixida ás tres universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria e aos centros do CSIC e do IEO radicados en Galicia.

Hoxe en día en Galicia están traballando arredor de 300 grupos de investigación con financiamento estrutural estable (entre grupos de potencial crecemento, grupos de referencia competitiva, redes de investigación en activo) e outros 80 investigadores emerxentes que tamén contan con financiamento público por parte do Goberno galego.

En termos de persoal, hai aproximadamente 830 investigadores universitarios se benefician desta liña de axudas (titulares, catedráticos, axudantes-doutores, contratados-doutores... con praza nas universidades). Estímanse uns 1.000 investigadores de apoio contratados con cargo a proxectos de investigación. Ademais hai 350 investigadores predoutorais e posdoutorais financiados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con contratos de investigación

As axudas estrutúranse en catro modalidades:

#### **Grupos de referencia competitiva (modalidade A)**

En Galicia, dentro dos grupos de investigación, os grupos de referencia competitiva caracterízanse polos bos índices de publicacións científicas, por un elevado nivel de captación de recursos, competitivos a nivel estatal e internacional e con capacidade para formar e atraer investigadores mozos. Neste caso, as axudas teñen unha duración máxima de catro anos e o seu importe vén determinado por unha contía estrutural e outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo que, entre outros requisitos, deberá contar con, polo menos, cinco investigadores.

#### **Grupos con potencial de crecemento (modalidade B)**

Os grupos con potencial de crecemento (GPC) teñen unha importante calidade investigadora que os pode conducir a converterse en grupos de referencia do sistema galego de I+D+i. Afianzar esta evolución é precisamente o que se trata de garantir con estas axudas. Neste caso, as axudas teñen un período de tres anualidades e os grupos deberán contar con, como mínimo, tres investigadores.

#### **Redes de investigación (modalidade C)**

Os grupos de investigación poden aumentar as súas oportunidades de desenvolvemento e consolidación mediante a súa integración en estruturas tipo rede (grupos de grupos). Isto permite tanto a integración de capacidades dispersas como a competitividade máis aló do ámbito local. Nesta modalidade, as axudas van encamiñadas a impulsar un plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos de investigación.



Neste caso, a axuda consistirá nunha contía fixa anual de 30.000 euros para os anos 2016 e 2018 e de 60.000 euros para o ano 2017 e un mesmo grupo non poderá participar en máis de dúas redes con independencia da súa institución de procedencia.

#### **Proxectos de excelencia (modalidade D)**

Neste apartado regúlanse as axudas para proxectos de investigación de investigadores individuais que contan xa cunha traxectoria excelente e que teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto nos ámbitos nacional e internacional. Nelas prevense dous apartados: unha liña de reforzo de traxectoria consolidada (investigadores excelentes do SUG enfocada aos que contan cunha axuda Starting Grant); e unha liña de reforzo de traxectorias emerxentes (persoal investigador adscrito ao programa Ramón y Cajal das convocatorias dos anos 2012, 2013 e 2014).

## **O CONSELLO AUTORIZA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE VARIOS FÁRMACOS POR UN TOTAL DE 11,4 MILLÓNS DE EUROS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous expedientes de contratación para a subministración sucesiva de distintos fármacos por un total de 11,4 millóns de euros.

Así, en primeiro lugar, autorizouse a subministración sucesiva de diversos fármacos antiinfecciosos, con actividade fronte a microorganismos bacterianos e virais, utilizados na profilaxe e tratamento das infeccións no ámbito hospitalario e que son de ampla utilización nos centros asistenciais do Sergas.

O orzamento total desta licitación é de 8.345.511,25 euros e o aforro estimado mínimo anual é de 5.834.034,40 euros. O contrato terá unha duración de dous anos.

A segunda autorización do Consello refírese á a subministración sucesiva de varios medicamentos do grupo dos anestésicos (propofol e sevoflurano); relaxantes musculares utilizados en distintas técnicas anestésicas (cisatracurio); analxésicos e antiinflamatorios (dexketoprofeno); e un axente antiparatiroideo (paricalcitol), todos eles tamén de ampla utilización nos centros do Servizo Galego de Saúde.

O orzamento total desta licitación é de 3.132.270,96 euros e o aforro estimado para a duración de todo o contrato (24 meses) é de 319.572,70 euros.

En ambos os dous casos, os expedientes engaden novos lotes para incluír medicamentos que perderon a protección de patente nestes dous últimos anos e dispoñen de competencia -en forma de medicamentos xenéricos- no mercado farmacéutico nacional.

## A XUNTA ACTIVA 12 NOVOS MILLÓNS EN PRÉSTAMOS PARA AS PEMES GALEGAS TRAS COMPLETAR O PROGRAMA JEREMIE, QUE PERMITIU CONCEDER 83 CRÉDITOS E XERAR 45 MILLÓNS EN INVESTIMENTOS

- *A nova liña de préstamos mobilizará máis de 20 millóns en investimentos produtivos, centrándose no sector industrial*
- *Ata a data, os préstamos Jeremie apoiaron especialmente o tecido industrial, co 62% do importe concedido, seguido dos servizos persoais, co 18%, e o turismo e o comercio, co 10% en cada caso*
- *As empresas beneficiarias prevén manter e crear máis de 1.800 postos de traballo grazas a estes apoios*
- *O 60% destes créditos beneficiaron as pequenas compañías e microempresas galegas*

A Xunta activará nas vindeiras semanas unha nova liña de préstamos, dotada con 12 millóns de euros, tras completar o programa de préstamos Jeremie, un instrumento financeiro pioneiro que ten permitido apoiar 83 operacións destinadas a xerar emprego e riqueza en Galicia. O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance dos Jeremie, que nos últimos dous anos e no marco do programa de financiamento empresarial Galicia 1.000, suman xa 26,6 millóns de investimento público para mobilizar 45 millóns de euros.

Durante este tempo, os Jeremie teñen servido para xerar ou manter máis de 1.800 postos de traballo, centrándose no eido industrial, que concentra o 62% do importe concedido. O 18% do total vai destinado ao sector servizos, o 10% ao eido comercial e o 10% restante ao turismo.

O programa foi deseñado de forma específica para atender as necesidades de financiamento das pemes galegas, contribuíndo á súa actividade, expansión e á xeración de emprego. Neste senso, do montante aprobado, o 60% beneficiou as pequenas compañías (con menos de 50 empregados) e microempresas (con menos de 10 empregados) da comunidade.

O programa, que cobre o 70% do investimento con préstamos desde 49.000 ata 1,8 millóns, apoiou proxectos diversos, como o financiamento de proxectos industriais para a fabricación de envases e embalaxes, motores e turbinas, moldes e ferramentas, pezas de automoción, engranaxes ou maquinaria agrícola. Tamén se apoiaron investimentos en reparación ou mantemento naval, depuración de augas ou fabricación de fertilizantes; así como proxectos de hostalaría ou de servizos de ocio, como un parque acuático e outro parque multiaventura, así como servizos médicos e de atención a persoas maiores.

Ese acento na industria será aínda maior na nova liña de préstamos, que priorizará especialmente os proxectos aliñados coa fábrica intelixente, de acordo cos obxectivos marcados pola Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, e a Estratexia de especialización intelixente de Galicia-RIS3.

A liña mobilizará máis de 20 millóns en investimentos, e seguindo o exemplo dos Jeremie, terá uns vantaxosos tipos de xuro, cun xuro máximo do 0,7% máis euríbor.

## **O SERGAS E A FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE DOTARÁN O CHUAC DUNHA UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN DE ONCOPEDIATRÍA E UNHA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL CARDIOVASCULAR INFANTIL**

- *Estará situada no terceiro andar do Hospital Teresa Herrera*
- *Contará con cinco habitacións, unha sala de rehabilitación, unha sala de estar, un control de enfermaría específico e vestiarios*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou os membros do Consello da Xunta sobre a sinatura dun acordo entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación María José Jove para a realización de obras de acondicionamento e dotación dunha unidade de hospitalización e rehabilitación de oncopediatria e unha área de rehabilitación integral cardiovascular infantil no Hospital Teresa Herrera (Materno Infantil) do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

A reforma comprenderá unha superficie aproximada de 300 m<sup>2</sup> onde se realizarán as obras, o acondicionamento e a instalación de equipamento necesario para dotala de cinco habitacións -con posibilidade de illamento-, unha sala de rehabilitación, unha sala de estar, un control de enfermaría específico e vestiarios.

A Fundación María José Jove asumirá a contratación dos traballos necesarios para acometer esta reforma, así como o seu custo, cun investimento inicial estimado de máis de 200.000 euros. Pola súa banda, o Sergas facilitará o acceso ao hospital ao persoal da empresa contratada pola fundación e obterá os permisos e autorizacións administrativas precisos.

Os espazos que se van habilitar están situados no terceiro andar do Hospital Teresa Herrera, que ten unha superficie total de 3.062 m<sup>2</sup>, e actualmente non teñen ningún uso.